

EXPEDIENTE Nº: 5/2019 -TERRA “SUBMINISTRO DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO.

ASUNTO: INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO ORGANISMO AUTÓNOMO “TERRA DE SANXENXO”

Á vista da proximidade do vencemento do contrato de “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL”, asinado coa mercantil Vego Supermercados SA, e á vista das circunstancias económicas nas que se atopan moitas familias, que acuden aos servizos sociais municipais, na busca de axuda ou de alimento, dentro do programa básico de inserción social do Concello de Sanxenxo, esta presidencia considera necesario seguir prestando este servizo, cuxa finalidade e paliar ou resolver, situacións de necesidade, que poden ser consideradas como transitorias, ou pola contra tratarse de garantir mínimos de subsistencia,. Trátase pois de previr situacións de exclusión social.

Trátase de facilitar a adquisición mensualmente de produtos básicos, como son a alimentación ou a hixiene persoal e do fogar, a aquelas familias que se atopan en situación de emerxencia social, de acordo co disposto no Regulamento Municipal de Emerxencia Social do Concello de Sanxenxo.

Para elo, é preciso contratar cun supermercado do municipio a subministración de todos estes produtos indispensables para a vida diaria destas persoas que se atopan nesta situación, prestación que se delimita no prego de prescricións técnicas elaborado polas traballadoras sociais, As traballadoras sociais Rocío Piñón Besada e Carolina Ferro García en data 26 de marzo de 2019.

Á vista dos antecedentes expostos, esta presidencia, no uso das súas atribucións, **resolve:**

Primeiro: Incoar o expediente para a contratación da “SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN, ASEO, HIXIENE E SIMILARES PARA O SERVIZO DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANXENXO”, polo importe de 25.000 euros/ano sen IVE, cunha duración de dous anos, con posibilidade de unha prórroga de un ano mais (12 meses). Dado que o valor estimado do contrato non supera os 100.000,00 euros, cabe indicar que o procedemento aberto constitúe unha forma legalmente admitida de



adxudicación deste contrato, de acordo co disposto no artigo 156 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Segundo: Reter o crédito preciso para o financiamento do contrato. A estes efectos dado que se trata de un contrato plurianual, o financiamento será o seguinte e con cargo á aplicación orzamentaria do Presupuesto separado do organismo autónomo de "Terra" 23115 / 48000.

Ano 2019: 12.500 euros mais IVE.

Ano 2020: 25.000 euros mais IVE.

ANO 2021: 25.000 euros mais IVE. (No suposto de que se formalice a prórroga, en caso contrario será a prorrateo).

Ano 2022: 12.500 euros mais IVE. (No suposto de que se formalice a prórroga).

Dada en Sanxenxo,

O presidente de Terra - Telmo Martín González

O secretario accidental de Terra – Luis Ángel Sabariz Rolán

(documento asinado dixitalmente na data que figura ao pé)

